



A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE INVISTE MÁIS DE 578.000 EUROS NO SANEAMENTO DE SAN MARTIÑO, NO CONCELLO CORUÑÉS DE MELIDE

- *O Consello da Xunta autorizou hoxe o convenio de colaboración para acometer o proxecto, que ten un prazo de execución de seis meses*
- *A Consellería de Medio Ambiente financiará a totalidade do orzamento nunha única anualidade, prevista para o vindeiro ano*
- *A actuación prevista inclúe a instalación dunha rede de colectores, un emisario e unha depuradora para dar servizo a 300 habitantes, que incorpora o sistema terciario para mellorar a calidade das augas*

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible investirá 578.766 euros no saneamento a San Martiño, con concello coruñés de Melide. As obras, que teñen un prazo de execución de seis meses, realizaranse mediante un convenio de colaboración entre a administración autonómica e a local, que hoxe foi autorizado polo Consello da Xunta.

A actuación prevista inclúe a construción dunha rede de colectores para a recollida das augas residuais nos núcleos de San Martiño de Abaixo e San Martiño de Arriba, cunha lonxitude total de 2.648 metros.

O proxecto contempla a instalación dunha depuradora, dimensionada para dar servizo a 300 habitantes, **que incorpora un sistema de tratamento terciario para mellorar a calidade das augas nas zonas de marisqueo**. Así mesmo, está prevista a posible ampliación da rede de colectores para recoller as augas residuais dos núcleos de Vilar, Montouto e Montoutiño, e a construción dun emisario cunha lonxitude de 109 metros.

O investimento será financiado na súa totalidade pola Consellería de Medio Ambiente, a través da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos, nunha única anualidade con cargo aos orzamentos de 2009.

SAÚDOS,
GABINETE DE COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA